

ÁLVAREZ, Bautista (2013): *Retallos daquela infancia*. Vigo: Xerais, 200 pp.

Bautista Álvarez (Ourense, 1933 - Ourense, 2017), escritor e político (máis coñecido polo segundo que polo primeiro), adentrouse no panorama da narrativa galega con este título tan familiar, *Retallos daquela infancia*. Membro activo da intelectualidade e do galeguismo durante máis de cincuenta anos, o que fora fundador do grupo Brais Pinto, cofundador do UPG e participe tamén da fundación do BNG, relata, nun exercicio de memoria e autobiografismo, algunhas das historias do seu anecdotario infantil.

Ao longo de dezaseis relatos, de curta extensión, descubrimos a un Bautista que, sabendo que ninguén o coñece mellor que el mesmo, decide facer o seu propio limiar. Decisión moi acertada na nosa opinión, xa que vemos nesas primeiras páxinas a forma de comprender a vida do ourensán e por que decidiu escribir o libro: “na vida había que plantar una árbore, ter un fillo e escribir un libro (...)”. Como el mesmo di, “Escribino para a miña diversión despois de deixar a política”; polo tanto, debemos entender este limiar como unha xustificación por parte do escritor.

Todos os relatos sitúanse na súa terra natal, no municipio ourensano de San Amaro. Nalgunhas destas pequenas aldeas que o conforman, Beiriz, Las ou Eiras, entre outras, van sucedendo os acontecementos narrados. Historias reais dos anos corenta e cincuenta, na posguerra. De forma cómica pero moi veraz vainos retratando o mundo da dictadura española e, dalgún xeito, a súa propia vida. Por exemplo, no primeiro capítulo, “Un cadáver descoñecido”, podemos ver como o protagonista, a quen podemos identificar co propio escritor, ao longo do relato é levado ao cárcere por ter anotacións feitas en lingua galega. Desta maneira, fai unha forte crítica da situación política daqueles tempos en que o

galego estaba prohibido, sendo reprendido calquera que ousara falalo ou defendelo.

Outro exemplo é o tema recorrente da relixión. No segundo relato, “A procesión do Santo Antonio”, ou no derradeiro titulado “O cadaleito branco”, preséntanos os costumes que tiñan por aqueles tempos á hora de enterrar a xente ou o tema das procesións dos santos: “Supoño que o rito será igual en todos os lugares, salvo algún matiz. (...) Saída pola porta grande e volta a entrar por ela, despois de rodear o cruceiro que está preto das igrexas e das capelas”. Retrata ás personas do rural como moi relixiosas e moi pendentes dos milagres que pensaban que lles farían os seus santos.

Podemos ver vivencias propias e alleas, moi familiares que calquera podería ter sentido. Ademais, o estilo sinxelo, de marcado carácter oral, converte *Retallos da miña infancia* nunha obra moi atraente.

Respecto á temática, parece tratarse dun traballo moi heteroxéneo, mais só en aparencia. Malia non ter un fio condutor, é como se relatase a mesma historia, pero vai engadindo personaxes novos. Adentrámonos no mundo do franquismo que tan lonxe queda para algúns. Dános a oportunidade de volver a unha España esquecida e vivir en primeira persona os asasinatos levados a cabo pola garda civil da época, a situacións das escolas do século pasado ou os problemas entre as aldeas. É doado sentirse parte de Las, Eiras ou Loucía tras rematar esta lectura, dos sucesos e da vida cotiá que nela se retratan co valor engadido de seren testemuños da vida e da memoria deste intelectual galego.

Paloma GARCÍA RODRÍGUEZ  
Universidad Complutense de Madrid  
pgarci04@ucm.es